

Á ÚLTIMA

A PREGUNTA: ¿POR QUÉ NON SE ENTREGARON OS TROFEOS DE MELLOR PORTEIRO E XOGADOR?

O FACTOR 3'14

Tras o pitido final do terceiro partido, todos os xogadores foron a polo delegado do equipo, Pi Fraga, a quen lle atribuíron unha parte moi grande no ascenso. Non se equivocaban. Pi animou aos xogadores, á grada e insuflou ese ánimo que tanto lle facía falta ao equipo no último partido. Un factor decisivo no éxito da familia verdibranca. Como diría algún, “chapeau”...



BÁGOAS DE EMOCIÓN

Non puido Pi conter as bágoas de emoción unha vez se consumaba o ascenso do Calvo Xiria. Como el mesmo dixo, “era difícil conter as bágoas vendo a xogadores de Carballo, aos que coñezo dende que eran moi cativos, conseguindo o ascenso. A verdade é que estaba noutro mundo e tardei en reaccionar”.

Calvo

XIRIA BM



MAIO

ANO 2008

SUBIDÓN

Contido

Actualidade 2

O Calvo Xiria conseguiu o ascenso a Primeira Nacional

Actualidade 3

Tres vitorias en Oviedo consagran o proxecto de base do Xiria

Reportaxe 4

As mellores fotografías que amosan os momentos vividos polos carballeses unha vez conseguido o ascenso

Actualidade 6

Marcos Rodríguez repite ascenso, esta vez como adestrador

Recepción 7

O Concello de Carballo rendeu unha homenaxe ao Calvo Xiria

Á ÚLTIMA 8



O CALVO XIRIA REGRESA A PRIMEIRA NACIONAL

caixanova



REGRESO A PRIMEIRA NACIONAL

Dúas temporadas fixéronlle falta ao Calvo Xiria para regresar a Primeira Nacional. Oviedo consagró a un equipo moi novo que fixo gala dunha madurez impresionante para lograr o ascenso. O equipo de Marcos Rodríguez, formado na súa meirande parte por xente de Carballo, puxo a rúbrica en terras asturianas a unha temporada realmente espectacular, cunha segunda volta do campionato de liga impresionante e cunha fase de ascenso na que, por enriba de todo, o Calvo Xiria foi un equipo. Desde o porteiro Quique, que fixo uinha fase estratosférica, ata Manuel, que se perdeu dous partidos en Oviedo.



O capitán Quique recolleu o trofeo de campión

Todos aportaron o seu gran de area para facer do ascenso unha realidade. Tan ben o fixo o Calvo Xiria que a organización non entregou os trofeos a mellor xogador e mellor porteiro. Sería difícil. O de mellor equipo non ofrecía lugar a dúbidas. Noraboa.



ACTO INSTITUCIONAL NA CASA CONSISTORIAL DE CARBALLO

O CONCELLO RECIBIU AOS HEROES DE OVIEDO

O Concello de Carballo recibiu ao Calvo Xiria na Casa Consistorial en recoñecemento ao logro conseguido polo conxunto carballés en Oviedo. Nun acto distendido, o alcalde de Carballo, Evencio Ferrero, recibiu dos xogadores unha camiseta asinada e unha montaxe gráfica que recollía a vitoria do equipo en Oviedo. Nela podíase ver ao equipo celebrando o ascenso coa afección, ademais de a Marcos logo de pasar pola ducha, a Pi animando ao equipo e aos xogadores en Carballo con outra celebración. No acto oficial tamén estivo presente o teniente de alcalde, José Antonio Viña. Por parte do Calvo Xiria, ademais de xogadores e corpo



técnico, estivo representada a directiva e acudiu o presidente da Asociación, Luciano Calvo. O Concello de Carballo fixo entrega tamén de diferentes agasallos aos “heroes” de Oviedo, en recoñecemento á gran labor desenvolvida durante toda a temporada. Quen sabe se dentro de pouco terá que haber outra recepción para celebrar outro ascenso de categoría. Agardemos que así sexa...



Fernando Vázquez, en nome da directiva, técnicos e xogadores, foi o encargado de escribir unhas palabras no Libro de Honra do Concello. Todos plasmaron coa súa rúbrica o recoñecemento por parte da administración local..

XA CONSEGUIRA SUBIR A PRIMEIRA NACIONAL COMO XOGADOR DO CALVO XIRIA

MARCOS RODRÍGUEZ REPITE ASCENSO

Sosegado, tranquilo e gozando por dentro do que fixeran os seus xogadores. Así celebrou Marcos Rodríguez o ascenso a Primeira Nacional ao acabar o terceiro partido. Cun bloque que ao que xa dirixira nas categorías inferiores, obtendo grandísimos resultados, o técnico carballés quixo darlle todo o protagonismo aos xogadores. Como el mesmo recoñeceu, “non é a mesma sensación vivir un ascenso como xogador que como adestrador. É igual de importante pero con diferentes maneiras de celebralo. Eles son os

que estiveron na cancha, participando do xogo, e é normal que solten toda a adrenalina co pitido final. Eu estaba igual de contento, aínda que desde o banquillo vívese doutra forma”. E é que o actual adestrador do Calvo Xiria xa tivera ocasión de cele-

brar o ascenso a Primeira Nacional como xogador, naquela inesquecible fase celebrada en Carballo. Agardemos que Marcos siga a sacar o mellor deste bloque que, a vindeira temporada, ten un grande reto por diante nunha categoría moi exixente.



Marcos observa na pista a celebración do Xiria



TRES PARTIDOS PARA NON ESQUECER

O Calvo Xiria deixou claro, desde o seu debut na fase, que ía a por todas en Oviedo. Unha grandísima primeira parte fronte ao Delasalle Grupo Pinta, campión de Cantabria, disipaba calquera dúbida logo dos tres últimos partidos de liga. 22-12 era o resultado que reflexaba o marcador logo dos primeiros trinta minutos de partido, un resultado que deixaba o choque visto para sentenza e que enchía de moral ao conxunto carballés. O campión extremeño, o F. Pinilla Cáceres, tampouco foi rival para un Calvo Xiria que non tivo piedade e o doblou por 22 goles de diferenza. No último partido da fase, o anfitrión Universidad de Oviedo presentabase tamén con



Dubra e Jesús celebrando o ascenso na cancha

dúas vitorias. Nin o feito de xogar contra os da casa minou a moral dun Xiria que soubo sobrepoñerse aos momentos difíciles e acabou gañando o partido por 27 a 29. Nin a lesión de Sebastián, a expulsión de Roberto ou a arbitrase caeira impediron ao Calvo Xiria conseguir o ascenso

de categoría. A actuación de Quique na portería, os goles de Bruno no último partido, a dirección de Pablo, a defensa de Cuco, a veteranía de Fernando... Todos sumaron en tres partidos que serán moi difíciles de esquecer para os aficionados carballés.



AS FOTOS DO ASCENSO



COMUNIÓN ENTRE GRADA E EQUIPO A moita afición carballesa desprazada a Oviedo non deixou de animar ao Calvo Xiria durante os tres días da fase. Os xogadores agradeceron na pista o apoio amosado polos ruidosos xiareiros carballeses, que gozaron como nunca do seu equipo.



CELEBRACIÓN NA PISTA As bágoas de Pablo e Sebastián, a alegría de Dubra... Moitas foron as sensacións que se viviron en Oviedo minutos despois de conseguir o ascenso. A explosión de alegría dos xogadores prolongouse durante moito tempo nas instalacións deportivas que albergaron a fase de ascenso.

AS FOTOS DO ASCENSO



MANTEO E DUCHA Marcos Rodríguez foi manteado polos xogadores en medio da pista. O adestrador, ao igual que parte da directiva presente en Oviedo, non se libraría tampouco da tradicional ducha. Cando menos, e mirando a cara de Alex Cousillas, a auga non estaba fría...



DE OVIEDO A CARBALLO Equipo e afición retratáronse á saída do pavillón ovetense, antes de comer xuntos e regresar a Carballo. Na capital de Begantillos, os xogadores “tomaron” unha das esculturas de Manuel Facal para seguir celebrando o ascenso, antes de saír pitando (literalmente) polas rúas de Carballo.